

## **ORDENANZA FISCAL Nº 10**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, O SOLO E O VOO DA VÍA PÚBLICA.**

#### **Artigo 1º.- Fundamento Legal**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Val do Dubra establece a taxa por ocupación do subsolo, o solo e o voo da vía pública que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible**

Constitúe a base imponible da taxa de utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local que deriva das ocupacións do subsolo, o solo e o voo da vía pública que se especifiquen nas tarifas que se conteñen no artigo 6º desta ordenanza.

#### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a favor dos cales se outorguen as licenzas de ocupación, ou os que se beneficien do aproveitamento, se é que se vai proceder sen a autorización correspondente.

2. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español, aos efectos das súas relacións coa Facenda Pública.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren a cometela.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas ou liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. Os administradores de persoas xurídicas que non van a realizar os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometera unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se cometera unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) No suposto de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cesamento.

5. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

6. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve parella a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que dea lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos traballos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

#### **Artigo 5º.- Beneficios fiscais**

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pagamento da taxa cando soliciten licenza para o goce do aproveitamento especial necesaria para os servizos públicos de comunicación que exploten directamente e para outros usos que interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

#### **Artigo 6º.- Cota tributaria**

1. A contía da taxa será o resultado de aplicar as tarifas contidas no apartado 4 seguinte.

2. Non obstante ao anterior, para as empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, nun 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada municipio as referidas empresas.

3. Cando para a autorización da utilización privativa se utilice procedemento de licitación pública, o importe da taxa virá determinada polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

4. As tarifas da presente taxa serán as seguintes:

CONCEPTOS	EUROS
<p><b>Tarifa primeira. Escuadres, rieis, transformadores, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cables, tuberías e outros análogos.</b></p> <p>1. Escuadres ou rieis para o sostemento de cables. Por unidade, ao semestre ..... ..... ..... 0,0102</p> <p>2. Transformadores colocados en quioscos. Por cada m2 ou fracción, ao semestre ..... ..... ..... 0,0204</p> <p>3. Caixas de amarre, distribución e de rexistro. Cada unha, ao semestre ..... ..... ..... 0,0102</p> <p>4. Cables de traballo colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción, ao semestre ..... ..... ..... 0,0102</p> <p>5. Cables de alimentación de enerxía eléctrica, colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción, ao semestre ..... ..... ..... 0,0102</p> <p>6. Cables de conducción eléctrica, subterránea ou aérea. Por cada metro lineal ou fracción, ao semestre ..... ..... ..... 0,0102</p> <p>7. Conducción telefónica aérea, adosada ou non á fachada. Por cada metro lineal ou fracción de canalización, ao semestre ..... ..... ..... 0,0102</p> <p>8. Conducción telefónica subterránea. Por cada metro lineal ou fracción de canalización, ao semestre ..... ..... ..... 0,0307</p> <p>9. Ocupación do subsolo, solo ou voo da vía pública ou terreos de uso público con cables non especificados noutros epígrafes. Por cada metro lineal ou fracción, ao semestre ..... ..... .....</p> <p>10. Ocupación da vía pública con tuberías para a conducción de auga ou gas. Por cada metro lineal ou fracción, ao semestre ..... ..... .....</p> <p>11. Ocupación do subsolo con conducións de calquera clase. Cando o ancho non exceda de 50 centímetros. Por cada metro lineal ou fracción, ao semestre ..... ..... .....</p>	
<p><b>Tarifa segunda. Postes.</b></p> <p>1. Postes con diámetro superior a 50 cms. Por cada poste e</p>	<p>0,0102</p>

<p>semestre</p> <p>2. Postes con diámetro inferior a 50 cms. e superior a 10 cms. Por cada poste e semestre .....</p> <p>Se o poste serve para sostén de cables de enerxía eléctrica, pagará con amaño á tarifa se a corrente é de baixa tensión, o dobre da tarifa se é de media tensión e o triple se é de alta tensión.</p> <p>A Alcaldía poderá conceder unha bonificación ata un 50 por 100, respecto ás cotas deste epígrafe, cando os postes instalados por particulares con outras fins sexan ao mesmo tempo utilizados por algún servizo municipal.</p>	<p>0,0102</p>
<p><b>Tarifa terceira. Básculas, aparellos ou máquinas automáticas.</b></p> <p>1. Por cada báscula, ao semestre .....</p> <p>2. Cabinas fotográficas e máquinas de xerocopias. Cada unha, ao semestre .....</p> <p>3. Aparellos ou máquinas de venda de expedición automática de calquera produto ou servizo, non especificados noutros epígrafes. Por unidade, ao semestre .....</p>	<p>0,0204</p> <p>0,0204</p> <p>0,0204</p>
<p><b>Tarifa cuarta. Reserva especial da vía pública.</b></p> <p>Reserva especial da vía pública ou terreos de uso público para as prácticas das denominadas autoescolas ou similares</p> <p>Polos primeiros 50 m<sup>2</sup> ou fracción, ao mes .....</p> <p>Por cada m<sup>2</sup> de exceso, ao mes .....</p>	<p>0,6030</p> <p>0,0102</p>
<p><b>Tarifa quinta. Guindastres.</b></p> <p>Por cada guindastre utilizado na construción, cuxo brazo ou pluma ocupe no seu recorrido o voo da vía pública, ao semestre .....</p> <p>As contías que corresponde aboar polo guindastre, pola ocupación do voo é compatible coa que, no seu caso, proceda por ter a súa base ou apoio na vía pública.</p> <p>O aboamento deste prezo público non exime da obriga de obter a autorización municipal de instalación.</p>	<p>0,0204</p>

<b>Tarifa sexta. Outras instalacións distintas das engadidas nas tarifas anteriores.</b>	
1. Subsolo: por cada m3 de subsolo realmente ocupado, medidas as súas dimensións con espesores de muros de contención, soleiras e lousas, ao semestre .....	0,0204 0,0204
2. Solo: por cada m2 ou fracción, ao semestre .....	0,0204
3. Voo: por cada m2 ou fracción, medido en proxección horizontal, ao semestre .....	

5. Normas particulares de aplicación das tarifas:

a) As cantidades esixibles con amaño ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

b) As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte.

c) Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

d) A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando o prezo público.

**Artigo 7º.- Devengo**

A taxa devengarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, momento que, para estes efectos, enténdese que coincide co de concesión da licenza, se esta foi solicitada.

Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para proceder á autorización do aproveitamento especial mencionado.

Cando se produce o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, o devengo da taxa que teña lugar no momento do inicio deste aproveitamento.

**Artigo 8º.- Período impositivo**

O período impositivo é o tempo durante o cal se efectuou o goce do aproveitamento especial.

### **Artigo 9º.- Réxime de declaración e de ingresos**

As contías esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán aplicables polos períodos naturais de tempo sinalados nos epígrafes respectivos.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza terán que solicitar previamente a licenza correspondente, e formular unha declaración onde se faga constar a superficie do aproveitamento. Acompañarase un plano detallado da superficie que se pretenda ocupar e da súa situación no municipio.

Os servizos técnicos municipais comprobarán as declaracións que formularon os interesados, e as autorizacións concederanse se non se atopan diferenzas coas peticións de licenzas, se non as houbera, esta notificaranse aos interesados e xiraranse, se é o caso, as liquidacións complementarias que procedan.

No caso que as autorizacións se deneguen, os interesados poderán solicitar a devolución do importe ingresado.

Os ingresos das cotas liquidadas poderán facerse en calquera das entidades colaboradoras mediante o recibo que se expedirá polos servizos municipais competentes.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal derroga a Ordenanza Fiscal Nº 10, reguladora do prezo público por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública, aprobada polo Pleno de data 28 de novembro de 2006. Entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2007, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.